

## HISTÓRICO LEGADOS

Outros legados particulares fóronse incorporando ao longo destes anos enriquecendo os fondos da Fundación notablemente. Estes legados son os seguintes:

**LEGADO FRANCISCO ROMERO PÉREZ.** Consiste nunha biblioteca de 38 volumes da súa propia autoría de temas que versan sobre literatura e cultura en xeral.

**LEGADO PAUL ILIE.** O legado do hispanista estadounidense componse dunha colección de máis de 70 volumes de Camilo José Cela e un pequeno epistolario.

**LEGADO MARÍA DOLORES GUTIÉRREZ.** Fórmalo unha pequena biblioteca de 15 títulos de Camilo José Cela.

**LEGADO VICENTE MARTÍNEZ DE PEDRO.** Legado especializado en Camilo José Cela consistente nunha nutrida colección de recortes de prensa, 9 carteis e 27 exemplares de publicacións seriadas.

**LEGADO PEDRO GARCÍA CADRADO.** Composto por 34 títulos literarios da súa propia autoría e diversa documentación de arquivo.

**LEGADO RAFAEL DE CASTRO.** Un pequeno legado consistente nas traducións ao galego das obras de Camilo José Cela *Viaxe á Alcarria* e *Do Miño ao Bidasoa*.

**LEGADO JOSÉ LUIS TORO REAL.** Importante colección que reúne 150 volumes de obras de Camilo José Cela, 8 dossiers de prensa e outra documentación de arquivo.